

Exercicios sobre palabras adnominais

O artigo

1. Nalgúns dos seguintes enunciados omítese o artigo e noutros non. Tenta explicar que repercusión ten no significado a presenza ou ausencia desas formas gramaticais.

- a) A feira é sábado. / A feira é o sábado. / A feira é aos sábados A feira é uns sábados. / A feira é un sábado.
- b) Acusárono de roubo. / Acusárono do roubo. / Acusárono dun roubo.
- c) Non solicitou autorización. / Non solicitou a autorización .
- d) Roubáronlle cartos. / Roubáronlle os cartos. / Roubáronlle uns cartos.
- e) Vendo casa. / Vendo a casa. / Vendo unha casa.
- f) Vou traducir os libros. / Vou traducir uns libros. / Vou traducir libros.
- g) Faille xogo. / Faille un xogo. / Faille o xogo.
- h) A Constitución sinala dereitos e deberes dos cidadáns. / A Constitución sinala os dereitos e os deberes dos cidadáns. / A Constitución sinala uns dereitos e uns deberes dos cidadáns.

2. Xustifica a ausencia do artigo perante dos substantivos nos seguintes enunciados.

- a) Bebemos auga acotío.
- b) Aqueles mozos non eran traballadores.
- c) Homes bos non che hai moitos.
- d) As vacas comen herba do prado.
- e) ¡Mozos e mozas! vinde todos á festa!
- f) No Carballiño; pan, carne e viño.
- g) Peixe fresco en Vigo, chocos en Redondela...
- h) Todo home é mortal...
- i) Responderon en ton de burla.

3. Nestas frases o artigo está ausente ou usado indebidamente; corríxeas e ponas en bo galego.

- 1. Hoxe fomos de excursión a cabo Prior. A semana que vén iremos a Illa de Ons.
- 2. Con meu traxe novo parezo un marqués.
- 3. Saíron as carreiras do estadio porque había unha ameaza de bomba.
- 4. En Outono imos ir de viaxe a Canarias.
- 5. Miña sogra comprou un colar de perlas por o que custa un de marfil.
- 6. En Medulio morreron moitos galegos que non querían dobregarse diante de romanos.
- 7. Entregou a cada alumno seu caderno con os exercicios corrixidos.
- 8. Non quero que ninguén plante patacas en miñas terras.
- 9. En Serra de Ancares áchanse algúns animais en perigo de extinción.
- 10. A mediados de século XIX prodúcese o Rexurdimento galego.
- 11. Todo o fas os poucos e as escuras. Por que non prendes a luz?

12. Tras a porta estaban os rapaces xogando as agachadas.
13. Vós os rapaces sempre estades a pensar en as motos.
14. Ábrevos a tenda todos os días aproximadamente as seis.
15. — Mandoume el rei, meu señor, - contestou o trovador a entrar a dama no castelo.

4. Indica nos exemplos seguintes os casos en que a é artigo, nos que é preposición e cando é contracción das dúas.

- a) Esta é a miña oportunidade.
- b) A flor regaleilla a Brais.
- c) Non vexo a televisión desde hai varios meses.
- d) Non vexo a Maruxa desde hai varios meses.
- e) Iremos á praia?
- f) Todos son a falar, pero ninguén escoita a música.
- g) A min deixádeme a miña ración de biscoito.
- h) A Xoana está a chegar.
- i) Agora dille a ela o que me dixeras a min.
- l) A esta, se non lle deixas a baralla, ponse a chorar toda a tarde.
- m) A miña opinión é contraria a esa que acabo de escoitar.

5. Pon os artigos e fai as contraccións que cumpran.

1. Con rego que pasa por diante de horta, temos abondo para plantas do xardín.
2. De rapaces saberen que ambos amigos ían estar a hora acordada, virían correndo antes de cea.
3. Tras monte de Xurés agóchanse unhas covas por que aínda non pasou pé de home.
4. A rapaza que veña, dareille un de galanos con que me sorprenderon por.... mañá; soamente por.... libro collar de casa de meu amigo Carlos, poderá quedar con el.
5. Entrou con lanterna en fuma a busca de novas especies de animais mariños.
6. Por víveres chegaren con retardo a campamento, non puideron distribuír todas racións previstas.
7. Con aquela de votación nas urnas, todos partidos políticos de esquerdas e mais P.R.S. convocaron a militantes e a simpatizantes con gallo de faceren sonada festa.
8. A inminente chegada de actriz a.... pavillón onde se entregaban premios, acudiron nube de fotógrafos, que tomaron posicións en sala de prensa con cámaras preparadas.
9. Cómpre pór freo a progresiva especulación urbanística en nosa cidade e evitarmos estrago de medio natural causado por supresión de zonas verdes a prol de monstruosas edificacións.
10. feito de discriminar a xente a causa de súa cor en pel supón

clara aldraxe para xénero humano e revela vileza moral de persoa que discrimina.

11. Que ordenador sexa capaz de vencer a.... campión de mundo de xadrez, acende luz vermella que alerta sobre futuras relacións de home con máquinas.

12. En adro de igrexa, traxes de domingo esvaraban silandeiramente e tocaban contra.... outros, soportando con levidade propia de momento,.... feble sorriso implícito en saúdo finxido.

13. Naceu en Estrada, pero emigrou a Brasil onde se fixo con morea de cartos con que volveu a país e se estableceu en Coruña, alí montou negocio con pizzas a domicilio.

14. A poucos, estudos van sentando en individuo pouso intelectual e humano, que lle abre numerosas vías de acceso tanto a mundo de traballo como, e é que máis importa, a mundo de "persoa".

15. E importante subliñar en proceso cara a normalización lingüística, pasos dados en incorporación de lingua galega a ensino, sobre todo compromiso de parte de profesorado; alén diso, é conveniente lograr maior presenza de galego en medios de comunicación, asemade de sólido compromiso por parte de intelectuais e de clase política de país.

O Demostrativo

1- Substitúe o que vai en cursiva nos enunciados por un demostrativo, facendo as transformacións que cumpran.

- a) O can que *tes diante túa* está adestrado para a caza da perdiz.
- b) As moedas *das que che falei o outro día* pertencen a unha colección de moito prestixio.
- c) Non quero *o que está aquí*, prefiro *o que tes aí*.
- d) *A rapaza que che presenteí á mañá* chámase Raquel.
- e) *Na época da Guerra Civil* houbo que pasar moita fame.
- f) *O vídeo que lles presento* é dos mellores do mercado.
- g) As probas *que nos presentaron* non serviron para poder culpar aos ladróns *que detiveramos a semana pasada*.
- h) Nos tempos *que corren* é moi perigoso saír á rúa pola noite.
- i) Xa non quero volver falar *do asunto*; as experiencias negativas é mellor esquecelas.

2. Completa os seguintes enunciados facendo as contraccións pertinentes.

- a) (De+isto) que acabamos de falar, non digas nada.
- b) (De+aquela) non había os adiantos que temos que temos (en+estes) tempos.
- c) O policía dixo que non había nada que temer pero, (en+isto), comezaron a soar os disparos.
- d) (De+esas) cereixas non me gustan, dáme (de+aquelas+outras).
- e) (En+aquela) situación non se podía facer nada polo meu amigo; (de+estas) cousas pasan moitas veces.

- f) Os mellores grupos de rock actuaron este ano no Coliseo da Coruña; (en+esta) ocasión o que nos visita é un (de+eses) dos anos oitenta.
- g) Xesús vive (en+aquela) aldea que percorremos o outro día; eu vivo (en+esta) que ten mellores comunicacións.
- h) Non dis que o día é moi longo; (de+aquela) traballa, que para iso che pago.
- i) Só podemos falar (de+aquilo) que sabemos.
- l) (En+este) momento soa o timbre e saímos ao patio para descansar uns minutos.

3. Corrixe as formas dos demostrativos dos enunciados seguintes.

- a) Istes pexegos non son tan bos coma aqueles que trouxeches a semana pasada.
- b) Estos políticos deben pensar que un é rico.
- c) Nunca digas: "dese auga non beberei".
- d) Non entendo moi ben o que din esos homes nin aqueles.
- e) Sabes o que hai nista bolsa? Son ameixas disas que che gustan a ti.
- f) Estos cadros pertencen á "época azul" de Picasso.
- g) Istes compañeiros var ser os que me acompañarán nas vacacións de Nadal.
- h) Non sei como ese aguia puido entrar neste aula.
- i) Daquiles tempos non me fales, que me poño moi triste.
- l) Onte lin o horóscopo ise que sae nas revistas, e dicía que ista semana os de Aries van ter boa sorte.

4. A que palabra, frase, oración ou feito fan referencia os demostrativos seguintes?

- a) As cancións de Dire Straits gústanme moito; por iso vou sempre aos seus concertos.
- b) Estevo estaba completamente namorado de Neves; esta era moi ben feitiña e tiña uns ollos verde-esmeralda preciosos.
- c) Lembro cando Andrea puxo as súas mans sobre as miñas e me dixo o moito que me quería; aquilo encheume de ledicia porque eu tamén estaba tolo por ela.
- d) Pola noite, fómolsle roubar unhas mazás ao Federico de Ribela. Entramos por unha cancela que tiña a caravilla de latón, subimos á maceira e puxémonos a comer. De alí a un anaco, Uxía propúxonos que probáramos tamén as uvas. "Iso non pode ser - dixer eu-; aínda están verdes".
- e) Xa sabedes que o vinte e cinco de xullo é un día moi especial.
- Si, pero iso que ten que ver co viño do Ribeiro.
- f) Lourenzo e Manuel foron ver o Deportivo a Riazor; aquel gozou moito durante o partido.
- g) Os demostrativos neutros non teñen forma de plural; á parte disto unicamente poden funcionar como substantivos (núcleo dunha frase nominal).

5. Nas seguintes frases indica o valor do demostrativo.

- 1. A cadela, anque non é de raza ten o seu aquel.
- 2. Viches con que aquela observou os teus cadros. Estou seguro de que lle gustaron.

3. Daquela, canto pides polo cuxo?
4. Estaba escoitando a radio e nisto oín un grande estrondo que fixo tremer as paredes do edificio.
5. Co aquel da voda esquecinme de pagar o garaxe.
6. Esta máquina ten unha aquela que non dou atopado.
7. ¡Que bo ebanista era! ¿Lembras con que aquela traballaba a madeira?
8. Daquela a lepra aínda non tiña cura.
9. Co aquel do estudio non tivo tempo de buscar moza e agora lle é tarde para iso.
10. Gasta toda a paga do mes no xogo. Pobre! Tenche unha boa aquela!
11. Daquela, que queres que che diga que ti non saibas?
12. Non estudiaches e, daquela, suspendiches.
13. Non me veñas con esas, que non estou de humor.
14. Ese rapaz foi educado con moita aquela.
15. Estaba eu traballando e nestas, aparece el coa cara toda ensanguentada; parecía un San Lázaro.
16. Por esas si que non paso nin morta. Pódesme pedir calquera cousa menos iso.
17. A quen, ho? A eses non quero velos nin en pintura.
18. Estabamos lonxe un do outro e, daquela, se queriamos estar en contacto, tiñamos que usar o teléfono.
19. Daquela historia só recordo que o Pepe non deixaba de saloucar.
20. Estabamos xogando ao escondite na casa e nestas entrou meu pai e acabouse o xogo.

O posesivo

1. Redacta novamente os seguintes enunciados desfacendo a ambigüidade que comporta o posesivo.

- a) A muller díxolle ao home que acabase a súa comida.
- b) Atopou a Mercedes na súa casa.
- c) O pai comentoulles que non tiña cartos para a súa manutención.
- d) O home rogoulle que movera o seu coche.
- e) Xoán díxolle á súa irmá que fixese os seus deberes.
- f) Preguntoulle a Ana se tiña a súa tarxeta da biblioteca.
- g) Pedíulle que lle falara da súa muller.

2. Pon o artigo diante do posesivo só cando sexa obrigatorio.

- a) Enganáronte ben, meu parvño.
- b) miña idea era esperarte á saída.
- c) Xoán é meu amigo.
- d) Xoán é meu irmán.
- e) Todos os discos teus están en meu cuarto.
- f) Aí está o coche de teu pai.

- g) Cada neno trouxo súa mochila.
- h) Levaba cada unha seu mantel novo.
- i) Felizmente, agora traballo en meu.
- l) Dime que me queres, meu corazón.
- m) miña señora, está vostede fermosísima.
- n) meus queridos camaradas, voume que me son horas.
- Ñ) súa entrada no baile foi todo un número.
- o) Fálalles Súa Excelencia o Xefe do Estado.
- p) Colliches algunha de túa roupa.
- q) Colliches algunha roupa túa.

3. Transforma introducindo as formas dos posesivos distribuídos segundo o modelo:

Exemplo: Deulle a cada rapaz un caramelo: -Aos rapaces, deulles cadanseu caramelo.

- a) Regalou a cada sobriña un libro
- b) Agasalláronme cada un cun regaliño
- c) Pagoulles a todos as súas consumicións
- d) Merqueilles a cada afillada unha cadea de ouro
- e) Cada ciclista trouxo a súa bicicleta
- f) Tiña cada unha a súa fita no cabelo

4. Transforma segundo o modelo:

Exemplo: Viven debaixo de nós: — Viven debaixo nosa.

- a) Veñen detrás de min
- b) Quen se senta detrás de ti?
- c) Freou o autobús e caín enriba de vostede
- d) Ponte ao lado dela
- e) A zona protexida está todo arredor de vós
- f) Fíxoo en favor del
- g) Non te poñas tan lonxe de nós.
- h) Saia de enriba de min, faga o favor
- i) Vai a perdiz diante e todos os perdigotos detrás dela en ringleira
- l) A carón de onde estades vós hai sitio libre

5. Indica os diferentes valores que teñen nos seguintes exemplos as formas dos posesivos chamadas de propiedade exclusiva.

- a) O edificio caeu de seu.
- b) Teño casa de meu.
- c) Meu tío tiña moito capital de seu na Arxentina.
- d) Eva vive en piso de seu.
- e) Vivimos de caseiros e nin o gando é de noso.
- f) O problema é, de seu, de difícil solución.
- g) Estes terreos son de meu.
- h) A rapariga é bonitiña de seu.
- i) Os homes e as mulleres son, de seu, animais sociais.

6. Nas seguintes frases introduce as formas DE MEU, DE TEU, DE SEU, DE VOSO, DE NOSO.

1. Sempre está durmindo. E moi preguiceiro.
2. Nós non temos barco e pescamos co do avó.
3. Non comedes nada. Sempre deixades as sobras no prato.
4. Eran moi ricos porque tiñan carruaxe.
5. Nesta familia tedes todos xenio.
6. Os cidadáns teñen dereitos que hai que respetar.
7. Como non teñen televisión van ver a do bar.
8. Ti non fas música senón que interpretas a doutros.
9. Son moi farturento. As miñas festas son as máis famosas da bisbarra polo ben que se come.
10. Cando teña un avión aterrarei onde queira.

7. Localiza e corrixe os erros de uso do posesivo nos seguintes modelos.

- a) A policía viña detrás meu.
- b) O peor voso é a cobiza.
- c) Todos meus amigos están aquí.
- d) O meu primo faloume do caso.
- e) Esta casa é de miña.
- f) A moza esperaba a seu noivo.
- g) Coñezo certos amigos de teu.
- h) Rematou seu traballo e foise para súa casa.
- i) Lavei as miñas mans en auga fría.
- l) É irmán meu.
- m) É de meu irmán.
- n) É irmán de meu.
- ñ) Merqueilles un reloxo a cadanseu sobriño.
- o) Cadanseus mozos traen as súas mozas.
- p) As mozas traen cadanseu mozo.
- q) Saín en favor súa naquela disputa.
- r) Eu son fiel a voso mandato.
- s) Pase Vosa Señoría e séntese.
- t) Queimáronlle o seu quiosco.
- u) Mancouse no seu ollo esquerdo.
- v) Mi ma! o que tal fixeron aqueles langráns.
- x) Daquela nosos pais non nos deixaban ir á festa.

8. Indica os valores especiais do posesivo.

1. Aí está o hórreo que lle amañou o meu Xaquín o ano pasado.
2. E moi de seu deixar as cousas ciscadas polo chan e logo son eu o que teño que recollelas.
3. Xuntou as súas corenta mil pesetas para os regalos de Nadal.
4. Calculo a ollo que nesta caixa veñen ben os seus trinta parafusos .
5. Ponte diante miña, que así non me verá.
6. Xa estou farto, ti xa falaches o teu, así pois cala a boca.
7. Hoxe os meus marchan para Vigo, mañá eu collerei o tren.
8. Eh, meu! Como che vai a vida?
9. Para xa, que xa bebiches o teu, non teño ganas de levarte á casa.
10. Todas as tardes veñen os rapaces do instituto xogar con cadanseu monopatín.
11. O pobre xa padeceu as súas, está ben que agora se divirta.
12. Non te descoides, que á mínima arma unha das súas e estrágo todo.
13. Éche un pouco atolado, pero acouga, que co tempo ha volver ao seu.
14. Non vos aturo máis, sempre coas vosas mexericadas, non parades nunca.
15. Finalmente imos pasar o verán nese chalé de noso que temos na praia de Samil.
16. Anda, miña xoia, vai á tenda polo pan.
17. Non creas que non sentín as miñas dores antes de curar definitivamente.
18. Podemos contarlle unha vez máis as nosas historias e así non faremos os exercicios.
19. Recomezou a vida a carón súa.
20. Os gnomos do bosque da Anta gorecéronse con cadansúas follas.

9. Cambia a frase de tal xeito que nela aparezan expresións de tipo posesivo.

1. Era moi vivo de natural e non se deixaba enlear nos negocios.
2. Non corrades detrás de nós, que podemos caer.
3. Entramos en Nadal con comidas familiares e turróns.
4. Cada balneario ten unha auga chea de diversas propiedades curativas.
5. Os rapaces sumaron unha nova trasnada ás moitas que levan feito.
6. Na cociña dese restaurante empanaron polo menos douscentos toros de pescada.
7. A noticia sorprendeu á miña familia cando se estaba a trasladar de casa.
8. Nesa axencia inmobiliaria malvenderon unha casa da miña propiedade o ano pasado.
9. Aos nenos, ao naceren, póñenlles unha vacina a cada un.
10. Estou moi contento porque este ano as plantas medraron moito.
11. ¡Enténdame, amigo! Eu non podía facer máis do que fixen.
12. Ela pintou a parte que lle correspondía, así pois pode descansar sen problemas.
13. Non quero sentir falar máis do asunto; eu xa lle perdoei as faltas cometidas.
14. Marchei do piso porque non me afacía aos berros que botaba seguido.
15. A casa está gobernada por María, a filla dela.

16. Era moi boa coas mans, o que lle ía de verdade era a encadernación de libros.
17. Comprobou abraído que a carta estaba escrita pola man del mesmo.
18. As visitas que me fas ao hospital son realmente unha boa medicina.
19. Non aturo ver ese mozo sempre arredor de ti.
20. Tedes a capacidade de contentar a todas as partes en conflito.